

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 9 DE XUÑO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

670/06.- Fenurbe, S.L.- Modificación de licenza de edificio na Avda. do Cruceiro da Coruña s/n.-

1837/06.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.- Modificación de licenza de dous edificios na U.X-15 de Santas Mariñas.-

2001/07.- M^a José López Pereira.- Vivenda unifamiliar illada no Lugar de Andrade.-

Lap/333/07.- Inducentro Inversiones y Desarrollo, S.L.- Apertura de planta de fabricación de formigón en R/ Polonia, polígono Costa Vella, parcela 81 e 82 do SUNP-37, licenza de apertura de oficinas, agrupación de parcelas e construción de dúas naves e dous edificios de oficinas e garaxe na mesma ubicación.

PRÓRROGA.-

1227/08.- Grúas Tambre, S.L.- Ampliación de nave e apertura de actividade de instalación dun taller de montaxe de grúas, construción de carrocerías volquetes e arranxo dos mesmos, no Polígono do Tambre, Vía de la Cierva s/n (+).-

491/08.- Sonia Cela Noya.- Vivenda unifamiliar no Lugar de Bálsona, Debresa da Agra Pequena (+).-

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

1091/07.- Eduardo Otero Regueiro.- Recheo de terras nas fincas números 208 e 219 do Polígono 112 sitas no Lugar de Bargo, A Peregrina.-

APERTURAS.-

Lap/74/08.- Elena Malek.- Apertura de servizo de alimenación-comidas rápidas en Praza Mazarelos núm.12.-

Lap/44/08.- Carmen Tojo Rilo.- Apertura de oficina de farmacia en Rúa Feliciano Barrera Fernández núm.11.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/ 1591/2006.- SARA VIEITES JUANATEY.- Rehabilitación interior de vivenda unifamiliar na Rúa Bautizados nº 4.-

LIC/54572007.- SEVERINO OTERO OTERO.- Rehabilitación de vivenda para catro vivendas e local comercial na Rúa das Casas Reais nº 13.-

LIC/185/2008.- RAMON CARLIN COUTO S.L.- Substitución de galería na Rúa Porta Faxeira nº 15

DISCIPLINA.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

DIS/93/2008.- MARÍA TERESA GARCÍA SABELL TORMO.- Devolución de Fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na Rúa Xelmírez nº 15. Importe. **601,00 €**

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.
Concédense axudas por valor de 5.864 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do Pavillón do Restollal.
Concédese o uso do citado pavillón entre as 8:00 horas do venres día 20 ata as 20:00 horas do sábado 21 de xuño para a celebración dun acto político. O solicitante deberá aboar 869 euros por día ou fracción cunha antelación mínima de 48 horas á celebración do evento, e asumirá todas as medidas de seguridade, desperfectos e gastos de persoal, limpeza e de protección do chan do parque que puideran derivarse.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de instalacións deportivas para o desenvolvemento do Torneo Internacional COMPOSTELA CUP.

Concédese o uso gratuito do Estadio de San Lázaro do 23 de xuño ao 6 de xullo para a devandita actividade. Tamén se autoriza o uso gratuito da sala de prensa deste estadio do 14 de xuño ao 6 de xullo durante toda a xornada diurna, a efectos de realizar as inscricións dos equipos e servizos de información do evento.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa aos servizos das Escolas Infantiles Municipais de Conxo e Fontiñas no mes de agosto.

Autorízase o peche durante o mes de agosto da Escola Infantil Municipal de Conxo, dándose o servizo ás familias que o demandaron na Escola Infantil Municipal das Fontiñas.

9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á celebración do I encontro Galego de Escolas Municipais de Música de Galicia.

Apróbbase a celebración deste evento, coincidindo coa celebración do Día Internacional da Música o 21 de xuño, cun orzamento de 1.842 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento para as actividades de verán no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche.

Apróbbase un orzamento de 3.491 euros para as devanditas actividades.

11.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación da celebración e programación da IV Semana cultural do Centro Sociocultural do Castiñeiriño.

Apróbbase a proposta de programación e un orzamento de 4.400 euros para a mesma.

12.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento dunha uxier.

Acórdase o devandito nomeamento con carácter interino por período de seis meses ao obxecto de paliar a situación de acumulación de tarefas.

13.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á prórroga do Convenio de cofinanciamento para o desenvolvemento de programas de prevención, e/ou incorporación social de drogodependencias do Concello para o bienio 2008/2009.

Acórdase solicitar a prórroga do devandito convenio, por un importe de 124.000 euros, dos cales 100.000 euros serán de aportación da Consellería de Sanidade e 24.000 do Concello de Santiago.

14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución convencional da controversia sobre a titularidade da parcela de orixe 149 do proxecto de reparcelación do polígono 2 do solo urbanizable programado número 5 (SUP-5) da Choupana.

Declárase resolta, por acordo entre as partes, a controversia sobre a devandita parcela a favor de TELLERAL DE PROMOCIONES GALICIA S.L., e conseguinte de reemprazo. Recoñécese a titularidade desta entidade sobre unha cota indivisa do 18,16% na parcela de resultado 13.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 31 (SUNP-31) de San Marcos.

Apróbase inicialmente a devandita modificación puntual, segundo o proxecto presentado pola Xunta de Compensación do sector coa seguinte condición: A relación de usos dotacionais autorizables amplíase aos seguintes: docente, deportivo, sanitario, asistencial, sociocultural, relixioso e público administrativo. Requírese á devandita Xunta que preente un proxecto modificado que integre a condición sinalada e, posteriormente, o proxecto someterase a información pública durante un mes.

16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pago do prezo xusto segundo as resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia no Proxecto técnico de expropiación para o saneamento da Conca do río Aríns.

Acórdase o pago aos propietarios de seis parcelas dun total de 66.093 euros.

17.- Proposta da alcaldía relativa para dar conta da candidatura do Concello de Santiago como Xefe de Fila da rede temática "SUITE" pertencente ao programa comunitario URBACT II, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio e da aprobación da candidatura do Concello.

18 a 29.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto do lixo.

Aténdense diversas solicitudes de bonificación no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, taxa polo saneamento e depuración de augas residuais e taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

30.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación dos programas de sensibilización a desenvolver en colaboración co Foro de Inmigración: Campañas "XUNTOS" e "EN CADA ROSTRO IGUALDADE".

Apróbase a realización destas dúas campañas de sensibilización e un orzamento para as mesmas de 2.820 euros.

31.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento dos concertos finais do 1º certame MUSICAXOVE'O8 de grupos musicais dos locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

Apróbase un orzamento de 7.168 euros para os devanditos concertos.

32.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á realización de diversos servizos docentes para a impartición do curso de electricista de edificios.

Apróbase a realización de de catro servizos docentes, por un total de 24.832 euros.

33.- Adxudicación das Obras de Ampliación da rede de saneamento na rúa Camiño dos Vilares.
Adxudícanse as obras á empresa AQUAGEST, S.A., por importe de 13.500 euros.

34.- Adxudicación das Obras de Ampliación do Carril de Servizo na N-550, (PK-61.995 a PK-62.940).

Adxudícanse as obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por importe de 22.338 euros.

35.- Adxudicación do Servizo de Limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago.

Adxudícase o servizo á empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A., por importe de 839.868 euros.

36.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Adecuación das instalacións da Sala de Equipos de Comunicacions e Servidores no Pazo de Raxoi.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 103.323 euros.

37.- Adxudicación do Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol de San Lázaro I e San Lázaro II.

Adxudícase o servizo á empresa CESPAS, S.A., durante o tempo necesario para convocar e adxudicar un novo procedemento de licitación e como máximo por un período de 5 meses. O importe desta contratación supón unha contía mensual de 3.977 euros. O importe polo período máximo de cinco meses sería de 19.887 euros.

38.- Adxudicación do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SEMÁFOROS NO CRUCE DAS AVENIDAS CASTELAO-BURGO E A RÚA ULPIANO VILLANUEVA.

Adxudícase o subministro á empresa TELVENT, por un importe de 16.722 euros.

39.- Dar conta pola concelleira delegada de Centros Socioculturais da xustificación das subvencións nominativas concedidas pola Deputación Provincial para o financiamento do mantemento dos centros socioculturais municipais ano 2006 e anulación de dereitos recoñecidos.

Dáse conta da xustificación das devanditas subvencións concedidas para o financiamento do centro do Ensanche e dos centros de Villestro, A Rocha, Santa Cristina de Fecha e Lavacolla.

40.- Dar conta da sinatura da "CARTA ATLÁNTICA DE SAN SEBASTIÁN POR UN DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE" no marco da conferencia das Cidades do Arco Atlántico.

Dáse conta da devandita sinatura.

URXENCIAS

1.- Resólvense as alegacións formuladas no trámite de información pública e apróbase definitivamente o expediente de expropiación do SUNP-5 (A Muíña), tramitado por taxación conxunta, segundo o proxecto presentado por EMUVISSA o 8 de abril de 2008. Así mesmo, apróbase a parcelación resultante.

2.- Acórdase nomear un funcionario interino na praza de coordinador-titor do proxecto Compostela Inserta por un período de 6 meses, ata o 31 de decembro de 2008.